



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación definitiva do anexo de subvencións nominativas comprensivo das relativas a Medio Ambiente e Servizos para o exercicio económico 2020

EDICTO

Aprobación definitiva do anexo de subvencións nominativas comprensivo das relativas a Medio Ambiente e Servizos para o exercicio económico 2020

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2020, aprobou inicialmente o anexo de subvencións nominativas comprensivo das relativas Medio Ambiente (convenio de colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural), e Servizos (convenio de colaboración coa AVV Valle de Esmelle) para o exercicio económico 2020

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo provisional, publicado no BOP n.º 187, do xoves 5 de novembro de 2020, non se presentou ningunha reclamación (tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral de data 27/11/2020), elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril, e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Ferrol, 27 de novembro de 2020.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2020/8916